

## Acta da reunión ordinaria da Xunta de facultade de 29 de marzo de 2017

### Asistentes:

Bergareche Gros, Almudena  
Jiménez Alemán, Ángel Aday  
Montesinos Padilla, Carmen  
Movilla Pateiro, Laura  
Noriega Rodríguez, Lydia  
Pazos Pérez, Alexandre

### PDI A

Aneiros Pereira, Jaime  
Cal Bouzada, Isabel  
Domínguez Rubira, Carmen  
Fernández Acevedo, Rafael  
Fernández Docampo, M<sup>a</sup> Belén  
García Gesto, M<sup>a</sup> Noemi  
García Mosquera, Marta  
Grande Seara, Pablo  
Loveira Pazó, Rosa María  
Mariño de Andrés, Ángel M.  
Martínez Hens, Helena  
Martínez Táboas, M<sup>a</sup> Teresa  
Martínez Yáñez, Nora María  
Muleiro Parada, Luis Miguel  
Padín Fabeiro, Carmen  
Rodríguez Damián, Amparo  
Rodríguez Rodríguez, Emma

Ruiz Hidalgo, Carmen

Valcárcel Fernández, Patricia

Valeije Álvarez, Inma

### PDI B

Barreiro Carril, M<sup>a</sup> Cruz

Estévez Abeleira, Teresa

Torres Pérez, Francisco José

Alumnos 1<sup>o</sup>, 2<sup>o</sup> e 3<sup>o</sup> ciclo

Fernández García, Heitor

García Espadím, Deriée

Rivera González, Paula

Vázquez Fernández, Roberto

García Freiría, Mónica

### PAS

López Prieto, María Nieves

Ramil Vázquez, Paula

### Excusan a súa ausencia:

Arias Martínez, María Antonia

Bravo Bosch, María José

Ibáñez Paz, Regina

Macías Cambra, Henrique

Zas Varela, Mónica

O 29 de marzo de 2017, no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, ás 12:38 horas, en segunda convocatoria, deu comezo a reunión da Xunta de Facultade, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 3 de marzo de 2017.
2. Informes da Sra. Decana.
3. Aprobación, se procede, do Autoinforme de Seguimento do Mestrado en Avogacía.
4. Aprobación, se procede, do Plan de melloras do Mestrado en Avogacía.
5. Aprobación, se procede, do Autoinforme de Seguimento do Mestrado en Menores en situación de desprotección e conflito social e Plan de Melloras para os cursos 2015/2016 e 2016/2017.
6. Aprobación, se procede, do Autoinforme de seguimento do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e Plan de Melloras para os cursos 2015/2016 e 2016/2017.
7. Aprobación, se procede, do informe de seguimento do Mestrado en Dirección e Xestión Laboral.
8. Aprobación, se procede, do regulamento do Traballo de Fin do Mestrado do en Menores en situación de desprotección e conflito social e Plan de Melloras.
9. Aprobación, se procede, da prórroga da suspensión do Mestrado en Dereito de empresa.
10. Aprobación, se procede, da modificación na composición da Comisión de aptos por compensación.
11. Aprobación, se procede, das modificacións dos plans de internacionalización dos graos en Dereito e en Relacións Laborais para concorrer á convocatoria extraordinaria de plans de internacionalización.
12. Aprobación, se procede, das solicitudes de avaliación da actividade docente do ano 2016 do persoal funcionario interino dos corpos docentes universitarios e do profesorado contratado doutor interino.
13. Rolda aberta de intervencións.

**1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 3 de marzo de 2017.**

Apróbase por asentimento.

**2. Informes da Sra. Decana.**

A Decana informa que escusan a súa ausencia os seguintes profesores:

- Arias Martínez, María Antonia
- Bravo Bosch, María José
- Ibáñez Paz, Regina
- Macías Cambra, Henrique
- Zas Varela, Mónica

En segundo lugar, informa de que continúan as visitas a institutos de educación secundaria por parte de membros do equipo decanal, así como destes aos nosos centros.

**3. Aprobación, se procede, do Autoinforme de Seguimento do Mestrado en Avogacía.**

Apróbase por asentimento.

**4. Aprobación, se procede, do Plan de melloras do Mestrado en Avogacía.**

Apróbase por asentimento.

**5. Aprobación, se procede, do Autoinforme de Seguimento do Mestrado en Menores en situación de desprotección e conflito social e Plan de Melloras para os cursos 2015/2016 e 2016/2017.**

Apróbase por asentimento.

**6. Aprobación, se procede, do Autoinforme de seguimento do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos e Plan de Melloras para os cursos 2015/2016 e 2016/2017.**

Apróbase por asentimento.

**7. Aprobación, se procede, do informe de seguimento do Mestrado en Dirección e Xestión Laboral.**

Apróbase por asentimento.

**8. Aprobación, se procede, do regulamento do Traballo de Fin do Mestrado do en Menores en situación de desprotección e conflito social e Plan de Melloras.**

Apróbase por asentimento.

**9. Aprobación, se procede, da prórroga da suspensión do Mestrado en Dereito de empresa.**

O profesor Luís Muleiro informa que previamente a comisión académica do mestrado acordou a súa prórroga. Tamén aclara que a motivación é exactamente a mesma que a do curso actual, e que se están barallando diversas posibilidades coa directora de posgrao para que poida volver impartirse no curso 2018/2019, sen que iso supoña un detrimento da calidade do título.

O profesor Francisco Torres solicita aclaración sobre se é posible prorrogalo máis. Tanto a decana como o profesor Luís Muleiro confirma que esta é a última suspensión que se pode autorizar.

Apróbase por asentimento.

**10. Aprobación, si procede, da modificación na composición da Comisión de aptos por compensación.**

A solicitude da profesora Noemí García Gestoso propónse a súa substitución pola profesora Lydia Noriega.

Apróbase por asentimento.

**11. Aprobación, se procede das modificacións dos plans de internacionalización dos graos en Dereito e en Relacións Laborais para concorrer á convocatoria extraordinaria de plans de internacionalización.**

En primeiro lugar, a Decana informa de que concorreremos á convocatoria ordinaria aprobada polo Vicerreitorado de Relacións internacionais en xullo de 2016, con éxito, na modalidade C, entendendo en todo momento e confirmado que esa modalidade permitía ofrecer docencia en inglés. Tras as instrucións de aprobación de PDA para o curso 2017/2018 aprobada polo Vicerreitorado de organización académica en febreiro de 2017, e a pesar de que tivésemos plans de internacionalización aprobados na modalidade C, o Vicerreitorado de organización académica sostivo que era necesario contar con plans de internacionalización nas modalidades A ou B para poder impartir docencia en inglés. Despois de sucesivas xestións, advertidas na sesión anterior desta xunta de facultade, aprobáronse as PDA das titulacións do centro coas súas respectivas horas de docencia en inglés. Desde a COAP pediuse que xustificásemos o interese, o cal se fixo, e remitiuse. A COAP aprobou que, dado que non contabamos con plans de internacionalización, non podíamos ofrecer docencia en inglés e así o propuxo en Consello de goberno. O Consello de goberno, decidiu que o Vicerreitorado de relacións internacionais convocase un prazo extraordinario para concorrer ao plan de incentivos para plans de internacionalización de centros da Universidade de Vigo.

Nesta ocasión propónse solicitar plans de internacionalización na modalidade B, o cal supón un compromiso de ofertar 30 créditos de docencia en inglés nos graos en Dereito e Relacións Laborais e Recursos humanos a cumprir no curso 2019/2020.

Para iso a Decana solicita a colaboración de todo o profesorado. Tendo en conta que a normativa da nova convocatoria chegou o pasado venres a última hora e que o prazo límite para concorrer conclúe o 7 de abril, solicítase delegación na comisión permanente para a aprobación definitiva das propostas de plans de internacionalización para poder realizar ata ese momento as actualizacións que sexan oportunas.

A profesora Teresa Martínez solicita aclaración sobre o número de materias que se prevé impartir en inglés. A decana aclara que se prevé impartir progresivamente un maior número de materias, ata alcanzar o obxectivo de 30 créditos en 2019/2020.

Finalmente a Decana aclara ao profesor Jaime Aneiros que se prevé ofrecer as materias que veñen impartindo ata este momento en inglés e aumentalas.

Apróbase por asentimento.

**12.Aprobación, se procede, das solicitudes de avaliación da actividade docente do ano 2016 do persoal funcionario interino dos corpos docentes universitarios e do profesorado contratado doutor interino.**

Apróbanse por unanimidade as solicitudes dos seguintes profesores:

Barreiro Carril, M<sup>a</sup> Cruz.

Noriega Rodríguez, Lydia.

Rodríguez Lago, José Ramón.

Torres Pérez, Francisco José.

**13. Rolda aberta de intervencións.**

Non houbo.

Finaliza a sesión, sendo as 13:06, do que como secretario dou fe.

Ángel Aday Jiménez Alemán